



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC- Parga - Ladra - Támoga

ES1120003


Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais



A rede de corredores fluviais que conforman o LIC Parga-Ladra-Támoga actúa como nexo de unión entre un amplo conxunto de humidaes, actuando como vía de fluxo de especies e intercambio xenético. Na Reserva de Biosfera de Terras de Miño atopamos todo un amplo conxunto de humidaes tanto higrófilas como lacunares, que representan unha gran diversidade de medios acuáticos definidos en función do seu tamaño, a fonte de alimentación ou as características das súas augas. Entre estes medios, encádranse pequenas charcas temporais, lagoas estacionais e permanentes, entre as que se atopa a Lagoa do Rei

Lagoa do Rei



Garza real
(Ardea cinerea)



Espadana amarela
(Iris pseudacorus)



Os humidaes son un dos ecosistemas que sufriron unha maior afección sobre o seu estado de conservación, no proceso de transformación da paisaxe polo ser humano. Sen embargo, os humidaes resultan imprescindibles para a supervivencia humana. Son un dos ámbitos máis produtivos do mundo, e conforman reservorios de diversidade biolóxica, así como fontes de auga e produtividade primaria das que innumerables especies vexetais e animais dependen para subsistir

As lagoas son ecosistemas complexos nos que se integran unha gran diversidade de medios, entre os que se inclúen ademais da propia lagoa, un conxunto de hábitats circundantes caracterizados pola existencia da inundación temporal ou permanente do sistema no que se integran. Así, atopamos asociados ao propio vaso lacunar, herbais, matogueiras e bosques húmidos, que poden integrar no seu seo pequenas charcas temporais. Á hora de valorar o estado de conservación dunha lagoa, ademais da calidade da auga da mesma, debe observarse tamén o conxunto de medios, de modo que un estado de conservación favorábel da lagoa, implica que todos os medios presenten un estado de conservación favorábel

1 Levouse a cabo a eliminación e control de especies exóticas invasoras (*Populus x canadensis*, *Pinus radiata*, etc.), cuxa presenza constitúe unha afección á composición e estrutura das formacións naturais e por tanto sobre o estado de conservación do hábitat de bosque aluvial (91E0*)




A maioría de especies exóticas son arbóreas, a eliminación e control das mesmas realizouse de forma compatible coa conservación da fragilidade e sensibilidade dos valores do espazo



2 Restitúíuse a morfoloxía do borde oriental da lagoa, suavizando a pendente a fin de favorecer un medio de contacto máis extenso entre os medios acuáticos e terrestres, así como para facilitar a presenza de asolagamento durante un período de tempo maior nese punto



3 Nos claros onde se eliminaron especies exóticas e na zona onde se corrixiu a marxe lacunar, procedeuse a restauración do bosque aluvial (91E0*), a través da repoboación con especies características da cuberta vexetal



Mergullón pequeno
(Tachybaptus ruficollis)

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

